

## **1/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2020.**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dez horas e tres minutos do d3a dez de xaneiro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, as concelleiras Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo. Asiste tam3n a interventora municipal, Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario o que o 3 da Corporaci3n, D. Rafael Berm3dez Iglesias.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

### **1.- RATIFICACI3N, SE PROCEDE, DO CAR3CTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, bos d3as. Comezamos a sesi3n extraordinaria e urxente convocada para hoxe, dez de xaneiro 3s 10 horas, por conseguinte... o primeiro punto 3 a ratificaci3n, se procede, do car3cter urxente da convocatoria. Ten a palabra o concelleiro da 3rea para explicar a urxencia.

**Sr. Mah3a Prados:** Bueno, bos d3as se3ores concelleiros, Alcalde. O motivo da urxencia... bueno, despois do acordo plenario do pasado Pleno, no que se acordaba presentarnos 3 poxa polas parcelas colindantes do P-4, hai un periodo de exposici3n p3blica da modificaci3n de cre... das modificaci3ns de cr3dito, de 15 d3as. Ent3n a urxencia ven motivada porque se queremos chegar ao d3a 6 de febreiro 3 poxa en plenas condici3ns, coa modificaci3n orzamentaria en vigor, 3 necesario pois aprobar hoxe sen falta para poder mandar ao Bolet3n Oficial da Provincia, e que estea a exposici3n p3blica e poder cumprir cos.... cos prazos.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, se algu3n quere dicir algo sobre a urxencia. Si.

**Sr. Mart3nez Gonz3lez:** Si, bueno, bos d3as a todos e a todas. En primeiro lugar disculpar a ausencia das nosas compañeiras, Pilar e Lola, que por motivos persoais pois non poden estar hoxe aqu3. E n3s igual que fixemos na comisi3n desta ma3an imos a votar a favor da urxencia, porque como dic3a o voceiro do Partido Popular, pois polo tema dos prazos est3 suficientemente motivada.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben. Pois ent3n pasamos a votar a urxencia. Votos a favor.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Ben, pois por unanimidade se acorda a urxencia.

## **2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. MC01/2020.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón ao punto dous, que é o tratamento do expediente de modificación de crédito número MC01/2020. Ten a palabra o concelleiro de facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Bueno, grazas Alcalde. Bueno, a modificación orzamentaria ven co informe favorable de intervención, e consiste nunha consignación de 35.240 euros, que é o máximo polo cal podemos poxar, de... vistos os informes de valoración. E as partidas das que se detrae o orzamento son das... bueno, do Plan Estratéxico de Turismo, que neste exercicio non está previsto que se faga, e da consultoría do Mercado de San Telmo que xa se realizou. Como estamos con orzamentos prorrogados do ano 2017 pois son as partidas das cales se pode... se pode, sen causar maior prexuízo e sen afectar á estabilidade orzamentaria, tal e como figura no... no propio informe.

**Sr. Alcalde:** Palabras. Si, Gemino.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, bo día a todos e a todas. Nós e... dicir que xa na comisión que se ten desenvolvido hai un rato, igual que agora, votamos a favor da urxencia, e imos votar tamén a favor desta modificación de crédito, e... creo máis que nada porque teremos que ser consecuentes coas mocións que se presentan nos plenos, e aquí hai non hai moito presentouse unha moción ao Pleno, que foi aprobada por unanimidade, e admitindo as emendas, creo que... naquel momento do Partido Popular. E entón entendemos que as mocións que se aproban no Pleno son para cumprilas. Entón nós si naquel momento votamos a favor pois hoxe tamén o vamos a facer, porque entendemos que ademais facerse con eses terreos é o futuro do desenvolvemento destas parcelas no Concello de Mugardos.

**Sr. Alcalde:** Iván.

**Sr. Martínez González:** Si. Bueno, nós tamén imos a votar a favor desta modificación, igual que o fixemos na comisión de facenda fai escasos minutos. Pero si que nos gustaría facer unhas puntualizacións. E é que primeiro, esta modificación de crédito que hoxe se presenta aquí pois ven como consecuencia desa moción que Esquerda Unida presentou no Pleno do mes de decembro, e que presentou, xa digo, o descoñecemento primeiro que o actual goberno tiña sobre este tema. Moción, como dicía o voceiro do BNG, pois que foi aprobada por unanimidade. Este proceso, digamos, de... de adquisición de parcelas no P4 non se inicia agora, senón que xa se iniciou no ano 2017, co obxectivo de

dispor pois dunha praza pública no centro da vila e tamén da rehabilitación do Cine Zárate para convertelo en biblioteca. Dicir tamén que hai algunhas desas parcelas pois que son propiedade do Concello. Tamén dende Esquerda Unida lamentamos que nas conversacións que se mantiveron co Ministerio de Facenda non se aceptara nin a cesión nin a venda directa ao Concello, o que nos obriga a asistir a esta subasta, do día 6 de febreiro, se non recordo mal, e que... a que nos poderíamos presentar tamén por esa valoración que dende o goberno Esquerda Unida contratou, e que como consta pois no expediente do Pleno, foi presentada en novembro de... do 2019. Polo tanto agardamos que... nesta subasta pois sexa... sexa...

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, e... nada, para finalizar, simplemente facer unha aclaración, agradecendo, en todo caso, as iniciativas da oposición, que sempre son ben recibidas cando son para mellorar a calidade dos veciños. En todo caso tamén agradecer e... o detalle que marcou o voceiro de Esquerda Unida, González, xa que este goberno non tiña coñecemento e aclarar que se non tiña coñecemento é precisamente porque o voceiro do Partido Popular pediulle aclaracións referente a este expediente, e a contestación que recibe de Esquerda Unida é que pedirán a información noutro lado. Eu creo que si de verdade todos estamos volcados en que as propostas sexan para redundar en beneficio de todos, a aclaración de todos sempre é benvida, e dado que vós non deixáchedes ao saír do goberno ningunha aclaración ao respecto dos expedientes que tramitáchedes, iso fai que o goberno non é adiviño. En todo caso agradecendo que esa proposta sexa para un beneficio mellor para os mugardeses pois aínda máis. Sometémolo a votación, votos a favor.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación de créditos núm. MC01/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada pola alcaldía en data 09.01.2020, o informe da interventora municipal de data 09.01.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 10.01.2020, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 1/2020**, de crédito extraordinario, financiado con cargo a anulacións ou baixas de outras partidas, por importe de **35.240,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

## 1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

### A ) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS ( partidas non dotadas no orzamento )

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	933.60000	Adquisición de tres parcelas colindantes entre sí, situadas na Rúa Pixigo, situadas dentro do ámbito do P-4	35.240,00 €

**TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 35.240,00 €**

## 2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente **0 €**.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **35.240,00 €**.

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante ( € )	Explicación da baixa na consignación
	430.22799	18.000,00	18.000,00	0	Non se vai a contratar o Plan estratéxico de Turismo neste exercicio.
	4312.22799	18.000,00	17.240,00	760,00	A consultoria do Mercado de San Telmo xa se realizou.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, **0 €**.

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben, pois levántase a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as dez horas e dez minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,